

# Apuntamentos sobre a presenza de Victoriano Taibo na real ACADEMIA GALEGA e sobre o seu discurso ROSALÍA de CASTRO precursora da fala

**D**esde hai uns anos o Instituto de Estudos Miñoranos vén realizando un moi meritorio labor de estudo e divulgación da arqueoloxía, da historia e doutros eidos relacionados co Val Miñor, á vez que organiza en Mañufe (Gondomar) ciclos de tertulias mensuais para tratar os máis diversos temas da problemática sociocultural de Galicia. Tiven a honra de ser convidado a falar na tertulia de abril do 2006.

Nada que teña que ver coas terras do Val Miñor (e con Galicia) parece alleo á xente deste Instituto, polo que non me estrañou saber que os amigos miñoranos queren rescatar a figura de Victoriano Taibo García cun volume de traballos sobre este poeta das Irmandades da Fala e coa reedición de parte da súa obra<sup>1</sup>; e tamén coa convocatoria, en colaboración coa entidade local de Morgadáns (Gondomar) onde Taibo foi mestre, do primeiro certame de poesía Victoriano Taibo, con textos inéditos escritos en lingua galega.

Na miña contribución para esta homenaxe a Taibo quero dar noticia da súa presenza nos fondos da RAG (Real Academia Galega); e a

seguir, baseándome unicamente no material que figura no seu expediente na Academia, trato os seus nomeamentos nesta institución, particularmente a súa recepción como numerario e a acollida pública do seu discurso de ingreso *Rosalía de Castro precursora da fala*<sup>2</sup>.


## [ I ]

### Taibo nos fondos da RAG

No mes de xuño do 2008 na biblioteca da Academia estaban catalogadas as seguintes obras de Victoriano Taibo García:

a) Dous exemplares de *Abrente (versos galegos)*. Cibdá de Compostela: El Eco de Santiago, 1922, 110 p. Un dos exemplares contén a dedicatoria “A Antón Vilar Ponte; o primeiro nazonalista; co a mais forte das apreixas. V. Taibo”. Trátase dun poemario coa temática e estilo de Ramón Cabanillas, agás algúns versos costumistas ou pintoresquistas, tal como sinalou Carballo (1981: 600). Leva cuberta de Álvaro Cebreiro e senllos poemas de Cabanillas e de Gonzalo López Abente como introdución.

[A. C. San Roque]



► Morgadáns, 1930 c.a.



b) Dous exemplares de *Da vella roseira: cántigas orixinás*. Cibdá de Compostela<sup>3</sup>: [s.n.], 1925?, 35 p. Contén unha caricatura e ex-libris de Cebreiro e cuberta de Camilo Díaz. Dedicado a Cabanillas, contén 75 coplas con cantigas da tradición popular e de inspiración literaria culta.

c) Un exemplar de *Da agra aberta: contos e lëndas*. Vigo: [s.n.], 1956, 188 p., coa dedicatoria do autor "Para a biblioteca da Real Academia Galega". Contén dous nenos de Castelao (un na portada e outro na portada interior), un retrato de Maside e ex-libris de Cebreiro. Trátase dun conxunto de narracións onde amplifica temas populares, xunto coa lenda orixinal da súa autoría "Historia malfadada do beixo que se non deu".


d) Un exemplar de *Lexicografía gallega: aleixado, aleixado, leixado*, coa dedicatoria "Para a biblioteca da Real Academia Galega. Victoriano Taibo. 30 Sebpre. 1956". Trátase dunha separata de 5 páxinas dun artigo en castelán publicado en Madrid nos *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXVII, 1954, onde estuda a presenza de *aleixado* en Pondal e Armada Teijeiro (e *leixado* en Pondal) e achega a significación de *aleixoarse* na comarca de Ortigueira e a de *aleixar(se)* en Xinzo, que recolleu cando estivo de mestre no Ortegaleira e no Limia, á vez que analiza a semántica desas formas nos dicionarios galegos.

e) O prólogo titulado "Parola ô comén" (3 páxinas) do libro de Faustino Rey Romero *Doas de vidro (poemas)*. Tuy: [s.n.], 1951, 39 p. A obra contén dedicatoria de Rey Romero para a Biblioteca da Academia.

f) O "Proemio" (5 páxinas, en castelán) do libro de José Veredas Rodríguez *Estelas: poemas*. Vigo: [s.n.], 1959?, 205 p. A obra non ten ano de publicación, pero si unha dedicatoria de J. Veredas de 2 de decembro de 1959.

g) Sete exemplares do discurso de ingreso na Academia: *Rosalía de Castro precursora da Fala. Discurso lido o día 15 de outubro do 1948 na súa recepción pública, por Don Victoriano Taibo García e resposta de Don Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Real Academia Galega, 1972, 61 p.

h) Nas revistas da RAG hai catalogados un cento de artigos da autoría de Taibo. Uns editáronse nas revistas galegas *La Noche. Suplemento del sábado* (Compostela), *Nós* (Ourense), *Sonata Gallega* (Pontevedra), *Cartel* (Vigo), *Nós e Alfar* (A Coruña), *Resol* (Compostela, etc.), *Ronsel* (Lugo), *Rexurdimento*



V. TAIBO, caricaturizado por CEBREIRO.

de Betanzos e Suplementos de *Nós*; e outros artigos corresponden a revistas da emigración americana, como *Eufonía*, *Alborada*, *Galicia Emigrante*, *A Fouce* e *Lar* (Buenos Aires), *Tierra Gallega* (Montevideo), *Labor Gallega* e *Eco de Galicia* (La Habana), *Lar Galician* (Corrientes) e *Galicia* (Caracas).

Taibo está presente, xunto con outros estudosos de Rosalía, no volume *Rosalía de Castro na Real Academia Galega*, edición e prólogo de X. Alonso Montero, epílogo de Helena Villar Janeiro. Padrón (A Coruña): Centro de Estudos Rosalíanos. Fundación Rosalía de Castro, 2006 (hai tres exemplares nos fondos da RAG); e tamén figura na escolma de cantigas galegas que Xosé Filgueira Valverde publicou no Suplemento de *Nós*, 1 (A Coruña, sen data) e na escolma de romances populares que Ramón Martínez López editou en 1929 no Suplemento de *Nós*, 2 (A Coruña).

Por outra parte na serie Boletín da RAG figura a “Lembranza do poeta Victoriano Taibo García” (Necrolóxica) de Fermín Bouza-Brey Trillo (tres folios); e no fondo F. Bouza-Brey, da Academia, hai unha carta de Taibo ó autor de *Nao senlleira*. No fondo da familia Martínez Morás, tamén da Academia, na serie de expedientes con correspondencia de persoeiros do ámbito galego figura un relativo a Taibo.

No arquivo gráfico da RAG aparece fotografo en cinco actos, xunto cunha foto cun retrato seu. E polo que respecta ó expediente académico o máis relevante son os orixinais manuscritos do discurso de ingreso e da resposta de Ramón Otero Pedrayo e recortes de xornal de outubro de 1948 sobre a súa entrada na Academia, recortes de setembro de 1963 cun artigo sobre a lingua dos canteiros e dos afiadores<sup>4</sup>, tres cartas de Taibo ó arquivado-bibliotecario da RAG Xoán Naya<sup>5</sup> e diversa correspondencia burocrática sobre o seu nomeamento de correspondente e de numerario e sobre a edición do seu discurso en 1972.

Tamén figuran nese expediente cartas de pésame de distintos membros da RAG con motivo do seu pasamento, ocorrido en Vigo o 13 de marzo do 1966 e un recorte do *Faro de Vigo* (15-3-1966) “Morte dun poeta. Victoriano Taibo”.

## [ II ]

### Proposta de Taibo como CORRESPONDENTE E NUMERARIO

Taibo, que nacera en Santiago de Compostela o 22 de abril do 1885, foi proposto na Coruña o 2 de decembro do 1918 como correspondente da RAG. Asinaban a proposta os académicos numerarios Francisco Tettamancy, Eugenio Carré e Florencio Vaamonde<sup>6</sup>. Días despois, o 14 de decembro, os tamén numerarios Andrés Martínez Salazar,



► Tres instantáneas da escola de Guillufe (Morgadáns), tomadas de *Nuestras fiestas del allá*, documental de 1928, de José Gil

M. Lugrís Freire e El Marqués de S. Martín [José M<sup>a</sup> Ozores de Prado] informaban que “el sr. Victoriano Taibo acaba ser nombrado correspondiente de la Corporación”.

Uns anos despois Taibo publicou os dous poemarios xa citados, *Abrente (versos galegos)* (1922) e *Da vella roseira: cántigas orixinás* (1925) que, xunto co seu compromiso cultural e social co movemento galeguista, o farán merecente de ocupar unha cadeira de numerario da RAG cando estaba de mestre en Morgadáns.

Nun texto mecanoscrito redactado en castelán e asinado en Ourense o 13 de xaneiro do 1946 os académicos de número Eladio Rodríguez González, Florentino Cuevillas, Ángel del Castillo, Ramón Otero Pedrayo e Francisco Vales Villamarín propoñían “para Numerario de la Corporación al exquisito poeta y distinguido escritor don Victoriano Taibo, de Gondomar, para la vacante que existe por fallecimiento del tambien Numerario don Ramón Tojo, producida por fallecimiento de éste, por concurrir en el Sr. Taibo las circunstancias exigidas por nuestros Estatutos y Reglamento, como se comprueba en la adjunta relación de méritos que del mencionado Sr. Taibo se presenta”.



Os méritos recóllense neste texto sen data, en castelán, redactado e asinado por Otero Pedrayo e que tamén asina Florentino Cuevillas:

Victoriano Taibo García llega con luz propia a lucir en la constelación de poetas de la Academia Gallega.

Su nombradía si ya antigua por las fechas de sus libros de poemas [“Abrente”, 1922; “Da vella roseira”, 1925], es nueva y constante. “Abala”, “Balbordo”, “Poderán as cadéas”... Otros poemas suyos, viven en el sentimiento y atención de Galicia.

Con su primer libro se sentó a la Tabla Redonda de los poetas de una época fértil y vibrante de esperanzas.

Y no solo trae a la Academia una gloria conquistada. Promete otras quizá mas valiosas. Sabémos que como fruto de unos años de silencio y creación, Victoriano Taibo se ocupa en perfeccionar dos nuevos libros de poesía. Contienen el mensaje de su madurez espiritual y no serán –así lo esperamos sus amigos que somos todos sus lectores, una despedida.

### [ III ]

## RECEPCIÓN DE TAIBO COMO ACADÉMICO NUMERARIO

O xornal coruñés *El Ideal Gallego* (13-10-1948) baixo o titular “El presidente y secretario de la Real Academia Gallega, académicos de honor de la International Academy de Wáshington” informaba dos acordos da Xunta de Goberno da institución presidida por Manuel Casás. O derradeiro acordo era “fijar la fecha de recepción del numerario electo don Victoriano Taibo, exquisito poeta y destacado pedagogo, para el jueves día 14. Le contestará en nombre de la Academia el numerario D. Ramón Otero Pedrayo”. A noticia da recepción de Taibo e a contestación a cargo de Otero xa figuraban en corpo máis pequeno debaixo do devandito titular.

Taibo leu o seu discurso *Rosalía de Castro precursora da fala* o día 15 de outubro do 1948 (e non o día 14 como anunciaba *El Ideal*



► Otero Pedrayo

*Gallego*). O orixinal manuscrito, que figura no seu expediente académico, contén a portada (escrita á man) e 68 follas de libreta de medio folio do discurso propiamente dito: as páxinas 1-25 (e a 11bis) están en tinta azul, as páxinas 26-35 en tinta negra (as correccións están en azul) e as páxinas 36-68 de novo en tinta azul. As notas do discurso comprenden as páxinas 69-82, todas elas tamén en tinta azul. O manuscrito da resposta de Otero consta de “portada” e 27 páxinas. En lingua galega están redactados tanto o discurso como a resposta.


No tamén xornal coruñés *La Voz de Galicia* (16-10-1948) baixo o titular “Recepción de un nuevo académico” dábase noticia de que o día anterior, ás oito da noite, no salón de sesións do Palacio municipal [da Coruña] se fixera o solemne acto de ingreso na Academia do “inspirado poeta regional Victoriano Taibo García, tamén, destacado pedagogo”. Sinalábase que o discurso se lera en galego e

que se trataba dunha “exquisita pieza, literaria, que merecía el beneplácito de todos los asistentes”, peza na que o poeta glosou a figura extraordinaria de Rosalía Castro, “haciendo su semblanza como ‘precursora da fala’, relacionándola con el paisaje de la tierra y resaltando la absoluta influencia que ejerció en su poesía”. A seguir indicábase que o polígrafo Ramón Otero Pedrayo “recogió lo más saliente de su discurso, para glosarlo con su magnífica oratoria”; e finalmente, o presidente da Academia Manuel Casás Fernández lle impuxo a Taibo as insignias da corporación.


No mesmo xornal, e no mesmo día, a sección “Hechos y figuras” dedicábase a Victoriano Taibo García. Baixo unha foto súa, dicíase, entre outras cousas, que era autor de dous poemarios (*Abrente* e *Da vella roseira*), que mereceran o aplauso da crítica e do público, e que tiña pendente de publicar o libro de contos *Da agra aberta* e o poemario *Cabrinfolas*<sup>7</sup>. Taibo viña ocupar na Academia a cadeira que deixara vacante “aquel exquisito escritor y jurista notable que se llamó don Ramón Tojo Pérez, de fausta memoria”.

O 29 de maio de 1950 o autor envía á Academia o seu discurso corrixido, tal como se le en carta que Taibo lle escribe desde Morgadáns ó arquivista-bibliotecario da institución:

[A. C. San Roque]



► Morgadáns, 1930 c.a.



► Socalcos en Morgadáns, 1930 c.a.

Sr. D. Juan Naya Pérez.

Meu estimado e alto amigo: remítolle xa correxido o meu discurso. Non sabe canto lle estimo o envío, e doulle as miñas gracias. Na carta na que llo pedín rogáballe me mandase co-el a contestacion de Otero Pedrayo pero non-a recibin. Eu non-a teño. Casi non-a conozo e quería agora ver de copiala; si ma pode mandar fagô pol-o mesmo conducto, e á direccion do meu fillo. Penso que non haberá maior encomenente e eu heillo d'agradecer muito, pois precísoa, devólvolla de camiño.

D'a miña consideración e afecto reciba as miñas mais agarimosas e reconocidas expresións. Seu decote.

Victoriano Taibo García

Morgadáns  
29 maio 1950

#### [ IV ]

### DISCURSO DE TAIBO SOBRE ROSALÍA

A Academia publicará a finais de 1972 o discurso de Taibo, 24 anos despois da súa lectura e seis anos despois da morte do escritor. A tirada foi de 1.000 exemplares, como consta no seu expediente nun escrito de 26 de agosto do 1972 de Sebastián Martínez

Risco, presidente da RAG, a Artes Gráficas de Vigo, no que se encargan mil exemplares do discurso coa contestación de Otero Pedrayo. Noutro escrito, de 29 de decembro do 1972, o tesoureiro da Academia Leandro Carré manda ó Banco Pastor notificación do xiro de 28.756,00 pts. de Artes Gráficas polo pagamento do discurso de Taibo. O texto enviouse ó Centro Galego de Buenos Aires, pois consérvase escrito de 1 de marzo do 1973 asinado por Segundo Pampillón e por Valeriano Saco, secretario e presidente do devandito Centro, no que lle agradecen a Martínez Risco o envío do discurso.

O texto de Taibo ocupa as páxinas 9-43 da edición impresa e a resposta de Otero as páxinas 47-61. Entre os dous textos, na páxina 44 figura unha relación de "vocábulos e acepciós usados neste discurso, que non figuran nos dicionarios". Trátase de 24 voces recollidas por Taibo en diversas partes de Galicia, das que tres son propias do Val Miñor e catro son de Morgadáns-Gondomar<sup>8</sup>.

O discurso, en palabras do propio Taibo (1972: 13) é "unha sinxela gabanza da figura esgrevia e cimeira de Rosalía, o homenaxe que todol-os corazóns galegos lle deben, e que eu lle rindo hoxe como *Precursora da fala*, aproveitando a sinalada distinción con que tan

xentilmente quixéstedes honrar e esclarecer a escuridade do meu nome”.

En *La Voz de Galicia* (8-11-1972) informábase da aparición do discurso (“Publicaciones. Rosalía de Castro, precursora da fala”), que se editaba mercé á xenerosa axuda de Álvaro Gil Varela, membro de honra da Academia, “que ya en anteriores ocasiones sufragó otras ediciones del citado Cuerpo literario de verdadero interés”. A obra de Taibo louvábbase con estas palabras:

Victoriano Taibo, que además de excelente escritor cultivaba un gallego castizo realmente envidiable, muéstrase en esta produción como un sagaz y fino escrutador de la vida y obra de Rosalía. Todos los textos publicados que a ella se refieren, por supuesto hasta la composición de esta pieza, son utilizados por Taibo para situar a aquella singular figura de nuestro Parnaso en el tiempo que la hacen precursora de nuestra lengua, discurriendo muy acertadamente sobre su valor e importancia en este aspecto. El trabajo es muy meritorio y a él habrán de referirse más de una vez cuantos se preocupan por la insigne autora de *Cantares Gallegos*.

Sobre a resposta de Otero, dicíase que “aparte de referirse al poeta, a quien estudia con la certeza a que nos tiene acostumbrados, habla también de Rosalía y nos ofrece unas ideas nuevas sobre ésta, tan bellas como acertadas”

Antes de analizar a figura de Rosalía, Taibo (1972: 20-23) ocupábase dos diversos autores que en verso e en prosa usaron o galego no século XIX antes da cantora do Sar. Nesa erudita e detallada enumeración non hai ningunha mención a Antonio Fernández Morales, natural de Astorga, criado no Bierzo e enterrado en Cacabelos, que en 1861, dous anos antes da aparición de *Cantares Gallegos*, publicou en León o libro *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. Os poemas de Morales son dos máis antigos do Rexurdimento galego, pois posiblemente comezase a compoñelos en 1847 a instancia do filólogo e frenólogo catalán Mariano Cubi i Soler (Carballo 1980: 115).


[ v ]

## Apostilas ó discurso de Taibo

Pouco despois de editarse o texto de Taibo, Carballo Calero, que editara poesía de Rosalía e estudara a súa lingua, publicaba en *La Voz de Galicia* (3-12-1972) o artigo “Apostillas a un discurso”, que iniciaba sinalando o feito de que Taibo non se referise á lingua de Rosalía, cando iso era o que se esperaba á vista do título:

Este escritor [Victoriano Taibo], no trance do seu acceso á venerábel institución, non se coída, como podía esperarse que o fixera, de medir, ou xiquera apuntar con algunha concreción, o pulo dado por Rosalía á formación da nosa lingua literaria –¿qué outra significación semella conter o tiduo do discurso? A súa disertación é unha peza oratoria, un exercicio retórico do tipo dos panexíricos ou loubanzas en honor de figuras ilustres. As pingotas de erudición ou de esculca histórica que de cando en vez se filtran entre as compostas frases de gabanza, non se refiren –agás dun xeito moi indireito, e nalgunha ocasión moi esceicional– ao aspecto lingüístico da obra da nosa sonada poetisa”.

A seguir vai comentar e precisar esas “pingotas”, que en palabras de Carballo “son as que para a mentalidade actual, resultan máis



► Ricardo Carballo Calero

do primeiro terzo do século XX e bo prosista nos duros anos da posguerra, preocupado polo léxico e pola construción do galego literario<sup>14</sup>:

Ontes foi enterrado en Vigo o poeta  
Victoriano Taibo. Tiña nado en Compostela o 22  
de abril de 1885. Os seus primeiros versos  
compúxoos cando tiña vintetrés anos. Estudou a  
carreira de mestre de primeiro ensino, i-exerceu  
a súa profesión en diversas bisbarras galegas:  
en Ponte de Mera e Couzadoiro, no condado de  
Santa Marta de Ortigueira, en Sigrás (Cambre),  
en Cerdido, en Fiestras na Limia, en  
Morgadáns (Gondomar) i-en Vigo. O seu  
linguaxe de fondo santiagués arriquentouse co  
lésico por il recollido nas terras en que viveu,  
nun eclecticismo lexicográfico que prefire sempre  
as formas mais eufónicas e belas, sin desbotar  
outras do galego de noutrora. No ensaio "Rosalía  
de Castro precursora da fala" e na colección de  
contos "Da agra aberta", deixou amosas dunha  
prosa limpa e crara, vivaz. "Abrente" e "Da vella

roseira" son os seus libros de poemas mais  
coñecidos i-os que lle aseguraron un posto na  
lirica galega. De Taibo díxose que sentía a  
emoción do orfebre medieval diante a riqueza  
eufónica do galego, e sin dúbida traballou o  
idioma propio como poucos deica agora.

Taibo vivía en Vigo dende a súa  
xubilación como escolante. Era membro  
numerario da Real Academia Galega. Co mestre  
Cabanillas, con López Abente, con Zapata  
García, entre outros, enche un longo período da  
poesía galega, deica as novas formas que  
agroman nos anos trinta con Amado Carballo e  
Manuel Antonio. Quixo ter sempre unha voz na  
que o pobo galego mesmo recoñecese o seu  
canto.

Que os ventos sexan portantes na  
recuperación de Victoriano Taibo e doutras  
figuras esquecidas que, co seu constante e  
xeneroso labor, tanto contribuíron á construción  
e á dignificación da Patria da Lingua Galega. ■

<sup>1</sup> Cóntase que van reeditar a prosa de *Da agra aberta*, contos e lendas.

<sup>2</sup> Quero deixar constancia do meu agradecemento a Xosé Luís Axeitos, arquivista-bibliotecario da RAG, pola axuda que me prestou para localizar todo o material relativo a Victoriano Taibo.

<sup>3</sup> O libro editouse sen data nin pé de imprenta.

<sup>4</sup> "Del 'verbo d'os arginas' a la 'parafusa' I", en *La Noche* (12-9-1963) e "Del 'verbo d'os arginas' a la 'parafusa' (y II) Los afiladores", en *La Noche* (19-9-1963).

<sup>5</sup> Unha breve carta que lle envía desde Morgadáns en 1950 para dar conta de que remitira á Academia o discurso corrixido; e dúas cartas longas, datadas en Vigo o 11-1-1959 e o 6-2-1959, a primeira motivada por un artigo que en *La Noche* Taibo lle dedicou a Amaro d'Orzán (pseudónimo de Álvaro Paradela) e a segunda por un artigo deste en *La Voz de Galicia* do 5-2-1959. Nas dúas cartas vese a preocupación de Taibo polo galego literario, pois fala do uso da forma *homenaxe*, da presenza de artigo diante do ano (*do 1859, do 1959*) e da expresión *chámalle burro*.

<sup>6</sup> Hai un cuarto asinante, M. Lugrís, que aparece tachado. Na proposta, manuscrita e redactada en castelán, dise que Taibo é de Mera (Ortigueira) e non de Santiago. Nese momento debía estar de mestre en Mera.

<sup>7</sup> Nin este poemario nin outros que el anunciara (*Enxangadas, Abicedo*) chegaron a editarse, agás algunha poesía solta (Carballo 1981: 600).

<sup>8</sup> As voces do Val Miñor son *cantiga* "Nas parroquias do Val Miñor dise cantiga e non cántiga"; *canviche* "Laboura de decrúa para semear de seguida o millo. Fana tres cavadores conxuntamente e à par"; e socalco "Cada un dos escalos cultivados nas terras mui crebadas e costaneiras". As voces de Morgadáns son *apolante* "Adx. Trepadora"; *areira* "Planta apolante chamada edra"; *deguro* "De absoluta necesidade. —E vas à feira co-iste chover? —Teño qu'ir deguro"; e *escaronda* "Dise da terra de cultivo cando está reseca, sin lentura". A forma *apolar* "Subir pol-as ponlas, como os chícharos ou ervillas" non leva indicación da zona en que a colleu, supoño que sería de Morgadáns.

<sup>9</sup> En *El Idioma Gallego*, Antonio de la Iglesia, coetáneo d'estes feitos de letras, asignalle a *A campana de Anllóns*, a primeira poesía en galego que escribiu Pondal, a data de 1861, ou sexa dous anos despóis que Rosalía publicara no *Museo Universal* a glosa de Adíós, ríos, adíós fontes" (Taibo 1972: 23).

<sup>10</sup> Taibo (1972: 24-25) dixera no seu discurso: "No *Album de la Caridad* (1862) recóllense cinco composicións de Rosalía das que han figurar un ano despóis en *Cantares Gallegos: Adíós, que eu voume, Castellanos de Castilla, Nosa Señora da Barca, Airiños, airiños, aires e O caravel negro*. Non pode afirmarse que fosen solicitadas à autora e por ela remitidos, porque casi 'todol-os que figuran' no *Album* foron tomados de 'impresos' (*Album de la Caridad*, pág. 476). ¿E de ónde puideron tirarse os de Rosalía a non ser das columnas de *El Miño*?"

<sup>11</sup> Erro de imprenta por Conxo.

<sup>12</sup> Taibo (1972: 33) dixera no discurso: "Entre os qu' a seguiron [a Rosalía], 'o primeiro pol-o tempo e vigor da súa inspiración' —di Murguía— 'o que entrou máis antes no coro dos elixidos, foi Curros' que en xuño do 1869 escribira por primeira vez en galego a popular *Cantiga*, máis as afirmacións de Murguía han cimentarse noutros traballos poéticos que Curros puido ter publicado na prensa despóis da data sobredita, e antes de lle seren premiadas no certame poético de Ourense do 1877, as poesías *A Virxe de Cristal, O gueiteiro e Unha boda en Einió*, porque no 1875 publicara xa Lamas Carvajal *Espiñas, follas e flores*, d'aquela un folleto de cento catro páxinas contendo vintenove composicións (...). *Rumores de las pinos* de Pondal sai à luz o 1877 con sesenta e sete páxinas e vinte composicións, das que dez son galegas e dúas bilingües, e no mesmo ano surte un folleto de versos no noso idioma, titulado *Volvoresas*, de Alberto García Ferreiro".

<sup>13</sup> O poeta a que se refire Carballo é Aquilino Iglesia Alvariño, tal como alguén escribiu á man na marxe do recorte onde aparece o artigo "Apostillas a un discurso" conservado no expediente de Taibo na RAG.

<sup>14</sup> O texto non está asinado, pero o autor debe ser Álvaro Cunheiro, colaborador e director do *Faro de Vigo*. A columna comeza coa forma "mindoniense" *ontes*.

#### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Carballo (1981) =Carballo Calero, Ricardo: *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia, 1981.

Taibo (1972) =*Rosalía de Castro precursora da Fala. Discurso lido o día 15 de outubro do 1948 na súa recepción pública, por Don Victoriano Taibo García e resposta de Don Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: Real Academia Galega, 1972.